



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

A CORUÑA

Área de Facenda e Administración Pública

Contratación

Anuncio de publicación da instrución sobre contratación pública estratéxica no Concello da Coruña

ANUNCIO DE PUBLICACIÓN DUNHA INSTRUCIÓN SOBRE CONTRATACIÓN PÚBLICA ESTRATÉXICA NO CONCELLO DA CORUÑA

INSTRUCIÓN SOBRE CONTRATACIÓN PÚBLICA ESTRATÉXICA NO CONCELLO DE A CORUÑA (aprobada pola Xunta de Goberno Local de data: 23.10.2015)

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1.–A contratación pública, ademais de asegurar un medio para a provisión de bens e servizos debe constituír un instrumento de intervención e regulación das relacións económicas dos mercados, que permitan artellar as bases do modelo de sociedade e de mercado, coa manifesta finalidade de servir aos intereses xerais da cidadanía e en defensa dos intereses e necesidades dos colectivos mais desfavorecidos. A finalidade da contratación pública non pode estar dirixida exclusivamente a conseguir a realización de obras, a prestación de servizos ou a obtención de suministros a prezo económico, senón tamén a asegurar que a contratación pública se dirixe ao interese social e público asociado a toda administración pública.

Dita finalidade de interese público e social da contratación pública debe garantir o obxectivo de consecución de finalidades sociais e ambientais, igualdade de homes e mulleres, inclusión social e de comercio xusto.

Esixencia de intervención do Concello da Coruña moito mais obrigada nunha situación caracterizada por un elevado e estrutural nivel de desemprego e precariedade nas relacións laborais, con especial afectación negativa no xénero feminino, colectivos minorizados ou en situación de exclusión social.

O respecto e cautela medioambiental, así como a potenciación do comercio xusto, deben tamén acompañar á contratación pública como mandato aos poderes públicos de aposta pola sostibilidade medioambiental e o respecto polas relacións económicas fundamentadas no comercio xusto e equilibrado das relacións entre produtoras/es, intermediarios e prestadoras/es de bens e servizos.

2.–A presente disposición, coa natureza de instrución dirixida ao conxunto dos servizos municipais, encaixa coas determinacións actualmente vixente en materia de contratación do sector público, así como da mais recente Xurisprudencia estatal e da Unión Europea. Tamén é concordante coas Directivas comunitarias, entre elas a transcendente Directiva 2014/24/UE.

PRIMEIRO.–NATURALEZA XURÍDICA, OBXECTO, ÁMBITO DE APLICACIÓN E EFECTOS.

1.–A presente disposición ten a natureza xurídica de instrución, de conformidade co previsto no art. 21 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, sendo de aplicación obrigatoria para os distintos servizos municipais.

2.–Esta instrución ten por obxecto regular a inclusión de cláusulas estratéxicas nos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexen a contratación pública no Concello de A Coruña. A estes efectos, terán a consideración de cláusulas estratéxicas as que persigan a consecución de finalidades sociais e ambientais, igualdade de homes e mulleres, inclusión social e comercio xusto, e poderán articularse como criterios de valoración das ofertas, condicións de execución do contrato ou determinacións de cumprimento obrigatorio para os licitadores e/ou contratistas.

3.–A inclusión de cláusulas estratéxicas nos pregos de contratación será de aplicación obrigatoria a todos os contratos, sempre que o permita a súa natureza e obxecto, con independencia do seu procedemento de adxudicación, cuantía e prazo de execución.

4.–O obxecto dos contratos afectados pola presente instrución deberá incluír expresamente a mención aos criterios estratéxicos perseguidos, con indicación das finalidades sociais, ambientais, de igualdade de mulleres e homes, inclusión social ou comercio xusto, segundo proceda.

5.–Sempre que a natureza e o obxecto do contrato o permita, os pregos de cláusulas administrativas particulares recollerán como criterios de valoración das ofertas o cumprimento das esixencias sociais, ambientais, de igualdade e inclusión social ou de comercio xusto que se sinalan na presente instrución, garantíndose, en todo caso, que alomenos un 20% da puntuación final outorgada ao licitador que resulte adxudicatario se corresponda coa valoración das finalidades estratéxicas perseguidas pola contratación.

6.–En caso de empate nas puntuacións de dous ou mais licitadores, os pregos de cláusulas administrativas particulares sinalarán a preferencia na adxudicación dos contratos para a proposición que teña recibido mellor valoración no cumprimento das esixencias referidas ás finalidades estratéxicas definidas nesta instrución.

7.–Os pregos recollerán condicións especiais de execución do contrato referidas a consideracións de tipo social, ambiental, de igualdade de xénero, inclusión social ou de comercio xusto. Estas obrigas poderán ter a condición de esenciais aos efectos do previsto no artigo 223, f) do TRLCSP, sempre que así se dispoña expresamente nos pregos.

Nos casos en que non proceda a resolución do contrato, o incumprimento destas condicións esenciais a imposición de penalidades, nos termos previstos no artigo 212.1 do TRLCSP

En calquera caso, o incumprimento destas condicións terá a consideración de infracción grave aos efectos de determinar para o contratista a prohibición de contratar coas Administracións Públicas, nos termos previstos no artigo 60.2.e) do TRLCSP.

8.–A Mesa de Contratación velará polo cumprimento da presente instrución, podendo recabar os informes que estime procedentes para valorar a incidencia das ofertas presentadas polos licitadores sobre os obxectivos estratéxicos recollidos nela.

Nomeadamente, para valorar a xustificación das baixas anormais ou temerarias, os licitadores deberán acreditar que a súa oferta non incide negativamente nos referidos obxectivos estratéxicos. En ningún caso a oferta dun licitador pode situarse por baixo do salario mínimo de referencia, legal ou convencionalmente pactado, e do custo laboral equivalente, agás que poida acreditarse de xeito motivado polo licitador na súa oferta ou, no seu caso, co informe que lle poida requirir a Mesa de Contratación.

SEGUNDO.–CLÁUSULAS DE EMPREGO SOCIAL E DE CALIDADE.

1.–Cando a natureza e o obxecto do contrato o permitan, Nos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas incluíranse as seguintes determinacións, condicións e esixencias:

a) O cumprimento pola adxudicataria das condicións laborais legais ou convencionalmente pactadas de referencia, incluídas as de subrogación. A tal efecto, precisaranse nos Pregos, e información ás/aos licitadoras/es:

- O Convenio Colectivo de aplicación, debendo, no seu caso, xustificarse nas ofertas das/os licitadoras/es a aplicación doutro distinto (Convenio de empresa, por exemplo).
- O persoal necesario para a debida prestación do servizo pola adxudicataria, precisando de xeito detallado organigrama funcional, postos e categorías.

b) O cumprimento da previsión contida na Disposición Adicional 4.^a do TRLCSP e no artigo 42 do Real decreto legislativo 1/2013, de 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido de la Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, en relación coa acreditación polas empresas de 50 ou mais traballadores da cota mínima do 2% de reserva de postos de traballo a persoas con discapacidade.

2.–Sempre que a natureza e o obxecto do contrato o permitan, incluíranse nos pregos, como criterios de valoración das ofertas e como condicións esenciais de execución do contrato, as seguintes:

a) O compromiso de contratación de emprego neto asociado especificamente á prestación do contrato, que permita minorar a fenda de xénero existente, con puntuación reforzada para os seguintes supostos:

- Contratación indefinida e a xornada completa.
- Contratación de persoas con dificultades de acceso ao mercado laboral (diversidades de xénero, funcionais e/ou sensoriais, persoas migradas e outros grupos poboacionais de colectivos minorizados).
- Contratación de mozos.

b) O compromiso de mantemento ou, no seu caso, mellora das condicións fixadas no Convenio Colectivo durante toda a vixencia do contrato.

c) O compromiso de subcontratación con centros especiais de ocupación, empresas de inserción e persoas xurídicas sen ánimo de lucro que desenvolvan programas de emprego protexido.

d) O compromiso de contratación de persoas discapacitadas.

e) O compromiso de aplicación efectivas de medidas detallada de inclusión recollidas do Real decreto legislativo 1/2013, de 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido de la Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.

TERCEIRO.-CLÁUSULAS DE IGUALDADE DE HOMES E MULLERES.

1.-Cando a natureza e o obxecto do contrato o permita, nos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas incluíranse as seguintes determinacións, condicións e esixencias:

a) O cumprimento pola adxudicataria da Lei orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero e da Lei 2/2014, de 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galiza. A tal efecto, deberá garantir:

- A igualdade entre mulleres e homes no trato, a igualdade nas oportunidades de acceso ao emprego no acceso ao emprego, clasificación profesional, promoción, permanencia, formación, extinción, retribucións, calidade e estabilidade laboral, duración e ordenación da xornada laboral, así como de adopción de medidas para previr o acoso sexual e do acoso por razón de sexo no traballo.
- Medidas de favorecemento da conciliación e corresponsabilidade da vida persoal, familiar e laboral das persoas adscritas á execución do contrato.
- A utilización dunha linguaxe inclusiva e non sexista, prohibíndose na documentación e material asociado á prestación contractual calquera imaxe denigrante, minusvalorativa ou discriminatoria das mulleres;
- No seu caso, as accións de prevención de riscos laborais e a saúde incluírán a perspectiva de xénero e adaptarán o seu contido ás características diferenciadas de sexo.

2.-Sempre que a natureza e o obxecto do contrato o permitan, incluíranse nos pregos, como criterios de valoración das ofertas e como condicións esenciais de execución do contrato, as seguintes:

a) a integración da perspectiva de xénero na oferta presentada polo licitador/a, tendo en conta os seguintes apartados:

- Compromiso de contratación de mulleres, sempre que sexa superior ao establecido, no seu caso, como condición de execución e facilite a minoración da fenda de xénero na distribución e condicións laborais do persoal da entidade.
- Compromiso de contratación de mulleres en postos de responsabilidade.
- Compromiso de contratación de mulleres vítimas de violencia de xénero, derivadas dos servizos especializados para a prevención e atención ante situación de violencia de xénero.

b) a presentación polas/os licitadoras/es dun plan de igualdade específico a aplicar na execución do contrato que detalle e precise suficientemente as políticas de igualdade da empresa en relación coa execución do contrato e que melloren os mínimos legais ou convencionais establecidos.

CUARTO.-CLÁUSULAS AMBIENTAIS.

1.-Cando a natureza e o obxecto do contrato o permitan, nos pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas incluíranse as seguintes especificacións técnicas que fagan referencia a características ambientais.

Cando se prescriban características medioambientais en termos de rendementos ou de esixencias funcionais, poderán definirse por referencia a expresa a etiquetas ecolóxicas, sempre que se permitan medios equivalente de proba. As etiquetas poden ser igualmente unha referencia para a determinación clara e segura de criterios de adxudicación e condicións especiais de execución do contrato.

2.-Sempre que a natureza e o obxecto do contrato o permitan, incluíranse nos pregos condicións especiais de execución do contrato destinadas a garantir o cumprimento pola adxudicataria da normativa medioambiental e de residuos.

3.-Esixírase aos licitadores a aplicación de medidas de xestión ambiental, como o cumprimento de normas de xestión ambiental, para executar os contratos que requiren de medidas de protección ou prevención ambiental durante a súa execución. Recoñeceranse, de acordo coa lexislación vixente, o certificados ou medios equivalentes de proba.

4.-Incluíranse nos Pregos os criterios de valoración das ofertas, vinculados ao obxecto do contrato, no caso de contratos cuxa execución poida ter un impacto no medio ambiente. Os criterios de adxudicación valorarán condicións ambientais mensurables, tales como:

- a) O menor impacto ambiental.
- b) O aforro e o uso eficiente da auga e a enerxía e dos materiais.

- c) O custe ambiental do ciclo de vida.
- d) Os procedementos e métodos de produción e servizos ecolóxicos.
- e) a xeración e xestión de residuos e, particularmente, o emprego de técnicas de reutilización e reciclaxe na execución do contrato, que vaian mais alá do estándar ambiental do contrato;
- f) o uso de materiais reciclados ou reutilizados ou de materiais ecolóxicos;
- g) o aforro enerxético e emprego de enerxías renovables ou limpas, así como de materiais ecolóxicos, en relación coas melloras contidas na oferta sobre o estándar ambiental do contrato.

5. Utilizarase o custe del ciclo de vida dos produtos, servizos ou as obras como criterio de adxudicación, cando así o estableza a lexislación de contratos públicos ou sectorial ou cando se definan metodoloxías comúns para a súa aplicación a nivel comunitario, estatal ou autonómico.

6. Inclúiranse condicións de execución do contrato referidas a características ambientais, cando a natureza do contrato o permita. As condicións de execución farán normalmente referencia ao modo de subministro, tales como o subministro en grandes cantidades ou a granel, entregas fora de horas punta, ou recollida de embalaxes, ou de execución dunha obra ou servizo, tales como a formación do persoal, a redución dos residuos e uso de sustancias tóxicas.

7. Para a definición de criterios de valoración das ofertas, especificacións técnicas ou condicións especiais de execución do contrato aplicaranse as fichas de criterios comúns adoptadas e actualizadas periodicamente pola Comisión Europea para determinados tipos de produtos o prestacións, publicadas no sitio Web Green Public Procurement (<http://ec.europa.eu/environment/gpp>) da citada institución comunitaria.

QUINTO.-CLÁUSULAS DE COMERCIO XUSTO.

1.-Cando a natureza e o obxecto do contrato o permita, e nomeadamente naqueles contratos susceptibles de incorporar produtos de comercio xusto, nos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas inclúiranse como criterio de valoración das ofertas ou como condición especiais de execución:

- a) O compromiso de utilización, adquisición e/ou distribución de produtos de comercio xusto, en relación coas prestacións contractuais.
- b) O compromiso de pagar determinado prezo mínimo e/ou prima ao produtor.

2.-A acreditación da/o licitador/a como Organización de Comercio Xusto mediante os sistemas de garantía recoñecidos (WFTO ou Selo Fairtrade).

A condición de produto de comercio xusto acreditarase mediante a correspondente etiqueta de comercio xusto ou mediante etiquetas ou medios equivalentes.

SEXTO.-RESERVA DE CONTRATOS A ENTIDADES DE CARÁCTER SOCIAL.

1.-De acordo coa Disposición adicional 5ª do TRLCSP, poderá reservarse anualmente unha porcentaxe mínima do dereito a participar nos procedementos de adxudicación de contratos ou determinados lotes dos mesmos a Centros Especiais de Emprego e empresas de inserción sociolaboral reguladas na Lei 44/2007, de 13 de decembro, para a regulación do réxime das empresas de inserción, que cumpran cos requisitos establecidos en dita normativa para ter esta consideración, ou unha porcentaxe mínima de reserva da execución destes contratos no marco de programas de emprego protexido, a condición de que alomenos o 30% dos empregados dos Centros Especiais de Emprego, das empresas de inserción ou dos programas de emprego protexido sexan traballadores con discapacidade ou en risco de exclusión social.

2.-Dita porcentaxe de reserva, de ata o 5% do importe global anual de contratación do concello, será fixado e distribuído pola Concellaría de Facenda e Administración, para o cal as áreas e servizos deberán achegar as súas propostas no mes de novembro de cada exercicio.

3.-A reserva poderá aplicarse a calquera tipo de contrato, sen límite de cuantía.

4.-Poderase estender a reserva a outras entidades sen ánimo de lucro que teñan como obxectivo a inclusión laboral ou social en condicións de igualdade de persoas en situación de vulnerabilidade ou risco de exclusión social. Neste caso, a reserva será de aplicación unicamente aos contratos menores e ao procedemento negociado sen publicidade.

SÉTIMO.-SEGUIMIENTO E CONTROL.

1.-O órgano de contratación designará unha persoa responsable do contrato ao que, ademais do establecido no art. 52 do RDL 3/2011, corresponderá supervisar e controlar o cumprimento dos obxectivos estratéxicos recollidos na presente instrución.

2.-A entidade adxudicataria da licitación estará a presentar semestralmente un informe xustificativo do nivel de cumprimento dos referidos obxectivos estratéxicos.

Con independencia de dito informe, a entidade adjudicataria deberá remitir trimestralmente ao órgano de contratación a seguinte documentación:

- Documentos de cotización TC1 e TC2.
- Relación nominal do persoal adscrito ao servizo, de conformidade coa súa oferta e ao previsto nos propios pregos, indicando nome e apelidos da/o traballadora, categoría, modalidade de contratación e xornada de traballo.

A persoa responsable da execución do contrato deberá avaliar o grao de cumprimento das cláusulas estratéxicas por parte do contratista, e propoñer ao órgano de contratación a aplicación das sancións e medidas que correspondan en caso de incumprimento.

3.–Os pregos preverán a esixencia de entrega por parte da contratista, ao final do contrato, dunha memoria técnica na que se expoña o nivel de cumprimento dos obxectivos estratéxicos perseguidos a través da contratación pública, especificando as medidas implementadas e os resultados acadados.

Dita memoria deberá se avaliada polo responsable do contrato e, en caso de incumprimento, poderá propoñer ao órgano de contratación a adopción de medidas oportunas en relación coa retención da garantía contractual.

4.–Con carácter anual o órgano de contratación remitirá á comisión de seguimento do Plan Municipal de Emprego, así como á comisión informativa correspondente un informe sobre o grao e nivel de cumprimento da presente Instrución, o cal publicárase tamén na web do concello.

SÉTIMO.–ENTRADA EN VIGOR.

A presente Instrución, unha vez aprobada pola Xunta de Goberno Local, será publicada no BOP e entrará en vigor ao día seguinte ao da súa publicación.

A Coruña, 23 de outubro de 2015.

M.^a Eugenia Vieito Blanco

Tenente de alcalde responsable de Facenda e Administración

PD. (decreto do 15.6.2015)

2015/10708